

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO, POLA QUE SE DECLARA Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA HERDEIRA *AB INTESTATO* DE DONA MARÍA JOSEFA NIETO CABARCOS.

Antecedentes.

Por resolución do 10 de abril de 2025, acordouse a incoación do procedemento administrativo para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* de dona María Josefa Nieto Cabarcos, (ABI/2018/0063).

A citada resolución publicouse no Boletín Oficial do Estado (Supl. N. nº 110 do 07.05.2025), no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 83 do 02.05.2025), na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, e foi exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Ferrol, As Pontes de García Rodríguez e Mugardos por prazo non inferior a trinta días naturais.

Constan no expediente os correspondentes certificados de defunción e derradeiras vontades relativos á persoa causante, nos que se acredita o seu falecemento o 5 de setembro de 2015 en Ferrol e que non tiña outorgado testamento rexistrado. Igualmente figura incorporado o certificado do seu empadramento no Concello das Pontes de García Rodríguez, quedando xustificada formalmente a súa veciñanza civil galega.

Durante a tramitación do procedemento non se teñen recibido alegacións, documentos ou outros elementos de xuízo que cuestionen a sucesión a favor da Administración autonómica, o que corrobora o informe emitido ao efecto pola Policía Autonómica de Galicia e as manifestacións de terceiras persoas unidas ao expediente. Así mesmo, comprobouse que, se ben a causante declarouse herdeira do seu esposo premorto –don Felicísimo Antonio Formoso Rodeiro– segundo consta en acta notarial do 16 de xuño de 2014, pola contra, polo seu irmán –don Jesús Nieto Cabarcos, falecido o 5 de decembro de 2014, solteiro e sen descendencia–, non se ten constancia de que a Sra. Nieto Cabarcos tivese aceptado formalmente a súa herdanza, á que tiña dereito, polo que de conformidade co artigo 155.3 parágrafo segundo da Lei 6/2023 do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, acórdase tamén nesta resolución a declaración e aceptación da herdanza do seu irmán.

Das consultas efectuadas perante o Catastro Inmobiliario, no Índice Xeral Informatizado de Predios e Dereitos do Rexistro da Propiedade e por outras fontes, determinouse, en principio, que ao menos forman parte do cadal hereditario da persoa finada os bens e dereitos que se adxudican no punto terceiro desta resolución, que comprende ademáis os herdados do seu esposo premorto, don Felicísimo Antonio Formoso Rodeiro, así como tamén os do seu irmán, don Jesús Nieto Cabarcos. Todo o anterior, sen prexuízo da inclusión daqueles outros bens e dereitos que se poidan identificar con posterioridade a esta declaración.



A Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública emitiu informe sobre a adecuación e suficiencia das actuacións practicadas para a declaración da Comunidade Autónoma como herdeira *ab intestato* da persoa causante.

Fundamentos xurídicos.

Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, artigos 267 e seguintes.

Código civil, artigos 657 e seguintes.

Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas, artigos 20 .6 e 20 bis .8.

Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, Título III, artigos 147 e seguintes.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, artigos 14 e 16.

Segundo o anterior,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar á Comunidade Autónoma de Galicia única e universal herdeira *ab intestato* de dona María Josefa Nieto Cabarcos, con DNI: 76.371.282-N, entendéndose legalmente aceptada a herdanza a beneficio de inventario.

Segundo.- Acordar igualmente a declaración e aceptación da herdanza do seu irmán premorto, don Jesús Nieto Cabarcos, con DNI: 76.371.335-L.

Terceiro.- Adxudicar á Administración autonómica os seguintes bens e dereitos identificados da herdanza de dona María Josefa Nieto Cabarcos, así como os do seu marido e irmán:

a) Bens inmobles urbanos:

- Inmoble soar no lugar de Teupoeira, nº26, da parroquia de Piñeiro, no municipio de Mugaros (A Coruña), cunha superficie aproximada de 1.035 m² segundo o Catastro Inmobiliario, 1.096 m² segundo o Rexistro da Propiedade, sobre a que se asenta unha vivenda de 262 m². Estrema, actualmente: norte, parcela catastral nº9; sur, parcela catastral nº18; leste, parcela catastral nº3; e oeste, pista asfaltada.

Referencia catastral: 4500208NJ6140S0001QI

Valor catastral: 58.557,42 €.



Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade de Pontedeume, tomo 741, libro 80, folla 54, predio 9352.

- Inmable no lugar Bidueiro, da parroquia de Vilavella, no municipio das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), cunha superficie aproximada de 450 m², sobre a que se asenta unha vivenda de 199 m². Estrema: norte, Camiño de Muiño; sur, parcela catastral nº851; leste, Camiño de Muiño; e oeste, Camiño de Muiño.

Referencias catastrais: 000700100NJ90G0001XL
000700100NJ90G0000ZK

Valor catastral: 29.210,53 €.

Inscripción rexistral: Non consta

b) Bens inmoables rústicos:

- Predio número 106 da zona de concentración parcelaria de Ribadeume-Bermui, do municipio das Pontes de García Rodríguez, antes da Capela, monte no sitio do Cal, de 3.790 m² segundo o Rexistro da Propiedade e 3.610 m² segundo o Catastro. Estrema: norte, camiño; sur, parcela catastral nº132; leste, parcela catastral nº105; e oeste, parcela catastral nº107.

Referencia catastral: 15071A501001060000TR

Valor catastral: 23,86 €.

Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade de Pontedeume, tomo 600, libro 44, folla 15, predio 7010.

- Predio número 151 da zona de concentración parcelaria de Ribadeume-Bermui, do municipio das Pontes de García Rodríguez, antes da Capela, pasto e monte no sitio da Casa da Costa, de 6.500 m² segundo o Rexistro da Propiedade e 6.413 m² segundo o Catastro. Estrema: norte, parcelas catastrais nº316, 935, 984, 314 e 313; sur, parcelas catastrais nº152 e 156; leste, parcela catastral nº151; e oeste, camiño e parcelas catastrais nº150 e 152.

Referencia catastral: 15071A501001510000TZ

Valor catastral: 535,63 €.

Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade de Pontedeume, tomo 600, libro 44, folla 204, predio 7059.

- Predio rústico, terreo de 548 m², chamado "Leira da Vilavella", no lugar de Xestal e parroquia de Vilavella, do municipio das Pontes de García Rodríguez. Estrema: norte, José Ferreiro; sur, Josefa Freire; leste e oeste, José Ferreiro.

Referencia catastral: Non consta

Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade de Narón, tomo 1598, libro 98, folla 168, predio 12022.

- Predio rústico, terreo de 274 m², chamado "Xesta do Prado", na parroquia de Vilavella, do municipio das Pontes de García Rodríguez. Estrema: norte, herdeiros de Hipólito Caaveiro; sur e leste, José Ferreiro; e oeste, montes de Casabella.

Referencia catastral: Non consta





Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade de Narón, tomo 1598, libro 98, folla 171, predio 12023.

- Predio rústico, labradío de 1.534 m², chamado "Leira dos Acibros", no lugar de Bidueiro, parroquia de Vilavella, do municipio das Pontes de García Rodríguez. Estrema: norte, Eladio Ferreiro e Vicente Freire; sur, Manuel López; leste, Eladio Ferreiro; e oeste, Emilio Cabarcos e Hipólito Caaveiro.
Referencia catastral: Non consta
Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade de Narón, tomo 1598, libro 98, folla 174, predio 12024.
- Predio rústico, labradío de 1.096 m², chamado "Leira da Empedrada", da parroquia de Vilavella, do municipio das Pontes de García Rodríguez. Estrema: norte, Eladio Ferreiro e camiño; sur, Vicente Freire e Eladio Ferreiro; leste, José López; e oeste, Eladio Ferreiro.
Referencia catastral: Non consta
Inscripción rexistral: Rexistro da Propiedade de Narón, tomo 1598, libro 98, folla 177, predio 12025.
- Outros inmobles de natureza rústica no municipio das Pontes de García Rodríguez, identificados pola súa referencia catastral:

15071A043002060000YZ
15071A043002450000YA
15071A043002540000YL
15071A043003210000YF
15071A043004020000YH
15071A043004410000YY
15071A043004440000YP
15071A043004450000YL
15071A043004460000YT
15071A043004470000YF
15071A043004490000YO
15071A043004540000YR
15071A043004560000YX
15071A043004590000YE
15071A043004610000YJ
15071A043004730000YY
15071A043007420000YR
15071A043007460000YJ
15071A043007530000YU
15071A043007600000YB
15071A043008150000YU
15071A043008280000YT
15071A043008310000YT
15071A043008340000YO
15071A043008360000YR
15071A043008660000YO
15071A043009950000YO



15071A043080070000YH
15071A501000080000TK
15071A501000090000TR
15071A501000980000TP

c) Contratos e outros efectos bancarios

- Abanca, conta de aforro:	ES93 2080 0230 6730 0012 5229
- CaixaBank, conta corrente:	ES33 2100 4640 4121 0000 1729
- CaixaBank, conta valores:	9610 01 246487745
- CaixaBank, conta valores:	9610 01 245309323
- CaixaBank, fondo pensións:	9690 33 501489289
- CaixaBank, fondo pensións:	9690 275 274194 97
- Banco Santander, conta corrente	0238 8143 0107 0042 3322
- Banco Santander, conta corrente	0238 8143 05 0700009539
- Banco Santander, conta a prazo	0049 7710 68 3020000667
- Banco Santander, depósito de valores	0049 7710 61 4000000015

Cuarto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, área temática de Patrimonio, Anuncios, que se pode consultar na seguinte ligazón: <http://www.conselliadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/anuncios>.

A resolución será remitida para a súa exposición pública no taboleiro de anuncios dos concellos de Ferrol, As Pontes de García Rodríguez e Mugardos por prazo non inferior a trinta días naturais.

Esta resolución poderá ser recorrida por infracción das normas sobre competencia e procedemento mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, de conformidade cos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Os que se consideren prexudicados en canto ao seu mellor dereito á herdanza ou noutros dereitos de carácter civil por esta declaración ou pola adxudicación de bens a favor da Comunidade Autónoma de Galicia que se contén nesta resolución, poderán exercer as accións pertinentes perante o órgano da xurisdición civil correspondente.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.
O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
José María Barreiro Díaz

